

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **COVELO**

##### **Subvencións e axudas**

*CONCESIÓN AXUDAS ECONÓMICAS AOS NEGOCIOS DO CONCELLO DE COVELO  
AFECTADOS POLA DECLARACIÓN DE ESTADO DE ALARMA POLO COVID-19*

*BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN POR CONCORRENCIA NON COMPETITIVA  
DE AXUDAS ECONÓMICAS AOS NEGOCIOS DO CONCELLO DE COVELO AFECTADOS POLA  
DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLA COVID-19, COA COLABORACIÓN  
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA*

#### **Artigo 1. Obxecto e finalidade**

O obxecto da presente convocatoria é paliar e minimizar a grave situación social e económica á que se enfrontan os negocios con domicilio social e fiscal en Covelo e que resultaron afectados, total o parcialmente na súa actividade pola declaración do estado de alarma pola COVID-19, dende marzo de 2020 ata estas datas.

Por mor desta pandemia que se alonga no tempo, produciuse o cese da actividade dun gran número de negocios no concello de Covelo e outros, aínda que abertos, viron minguada en gran parte a súa actividade.

Estas circunstancias excepcionais xustifican o interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia e xustifican a concesión en réxime de concesión directa.

O obxectivo é protexer o interese xeral dos cidadáns de Covelo, prestando apoio inmediato ás persoas autónomas e empresas citadas para minimizar o inevitable dano económico causado pola crise sanitaria da COVID-19 na economía local e asegurar que, unha vez finalice a situación sanitaria actual, a reactivación da economía do noso concello.

#### **Artigo 2. Normativa Aplicable**

Esta convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas presentes bases, nas bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e servizos, (PLAN CONCELLOS) 2021, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral Reguladora do Réxime Xurídico das Subvencións outorgadas polo Concello de Covelo, aprobadas polo Pleno o 1 de xuño de 2016, e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2021 e, ademais, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza poida ser aplicable.



Estas subvencións concederanse de forma directa, con concorrencia non competitiva, en aplicación do previsto no artigo 22. apartado 2. letra C) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, por concorrer razóns de interese público, económico, social e humanitario, en virtude das circunstancias provocadas pola crise sanitaria da COVID-19 e a declaración do estado de alarma nas persoas traballadoras autónomas, comerciantes e pequenas empresas que conforman unha parte fundamental da economía de Covelo.

### Artigo 3. Beneficiarios e requisitos

1. Deben ser persoas físicas ou xurídicas que exerzan a actividade económica no concello de Covelo. Que estean dados de alta no Imposto de Actividades Económicas e o seu domicilio fiscal situado no termo municipal.

2. Trátase de persoas físicas ou xurídicas que realicen unha actividade non esencial no municipio e que resultase afectada polo peche forzoso de establecementos. Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarando o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19; Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2; así como ORDEN de 4 de noviembre de 2020 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada de la COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia, u ORDEN de 26 de enero de 2021 por la que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada de la COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia; ou calquera outra norma xurídica ditada a tal efecto.

3. Trátase de persoas físicas ou xurídicas que pola actividade esencial que desenvolven sufriran unha minoración de facturación como mínimo dun 75% con relación o exercicio 2019.

4. Quedarán excluídas en todo caso as comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas e demais organismos do sector público.

A) Os empresarios individuais ou Autónomos que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

b) Estar dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Sistema Especial de Traballadores por Conta Propia Agrarios. Entenderanse incluídos todos os traballadores aos que se refire o artigo 1 da Lei 20/2007 de 11 de xullo, do estatuto do traballo autónomo. Exclúense os autónomos colaboradores a que se refire o artigo 1.1., parágrafo 2º da citada lei.

B) As pequenas empresas que cumpran conxuntamente os seguintes requisitos:

a) Estar dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

b) Ter un número de traballadores inferior a 10 persoas.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

c) Ter, no exercicio 2019, unha facturación anual para os efectos do IVE inferior a un millón de euros.

Cando o solicitante non leve de alta os 12 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade. Esta redución de facturación deberase xustificar ca presentación da documentación requirida e que se estime oportuna por parte de concello.

Concederase unha única axuda por persoa física ou xurídica solicitante.

2. A presentación da solicitud de axuda por parte do representante da actividade irá acompañada dunha declaración xurada de acordo co modelo destas bases e na que se faga constar que é titular dunha actividade que se atopa pechada como consecuencia da declaración do estado de alarma, que cumpre os requisitos esixidos nestas bases para solicitar a axuda e que se compromete a manter a actividade económica e as persoas contratadas, se as houbese, no momento do peche, durante os 4 meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarios; os autónomos que ademais traballen por conta allea, nin as persoas ou entidades nas que conorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.

#### **Artigo 4. Financiamento e Contía**

O importe destinado a esta convocatoria é de 6.984,83€, cantidade concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro da liña 2, cantidade adicional, do Plan Concellos 2021, e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 241.470 incluída no orzamento do Concello de Covelo para o exercicio 2021, unha vez xerado o crédito correspondente á subvención da Deputación.

O importe máximo global da subvención concedida prorratearase entre os beneficiarios da subvención.

O período subvencionable abarcará dende o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2021.

#### **Artigo 5. Prazo e presentación de solicitudes**

1. A información para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria estará a disposición na web do concello de Covelo, na sede electrónica e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

2. As solicitudes realizaranse no modelo que se achega a esta convocatoria. A presentación da solicitud será feita pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica titular do negocio, exclusivamente por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello de Covelo.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo fixado, e a falta de presentación da documentación esixida nestas bases, serán causas de inadmisión.

Coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:

#### **a) Pequenas empresas**

- Anexos debidamente cumprimentados e asinados.
- Certificación actualizada da situación censal expedida pola Axencia Estatal Tributaria posterior a 31/12/2020 indicando actividade económica e domicilio fiscal.
- Documento RCL( Relación liquidación cotización) do 2019 ou, no seu caso TC1 do mesmo período.
- Copia modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria, ou certificación desta, co resumo anual de facturación IVE exercicio 2019.
- Certificado titularidade conta corrente para o ingreso da subvención.
- Copia poder representación interesado no caso de que se presente a través de representante.

#### **b) Autónomos**

- Anexos debidamente cumprimentados e asinados.
- Certificación actualizada da situación censal expedida pola Axencia Estatal Tributaria posterior a 31/12/2020 indicando actividade económica e domicilio fiscal.
- Copia modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria , ou certificación desta, co resumo anual de facturación IVE exercicio 2019.
- Certificado titularidade conta corrente para o ingreso da subvención.
- Copia poder representación interesado no caso de que se presente a través de representante.

### **Artigo 6. Instrución e Procedemento**

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase conforme co establecido nos artigos 22.2 y 28 de la LXS.

O procedemento para a concesión desta axuda iniciárase, unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes. Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos na presente norma reguladora da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que o solucione no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fai, terase por desistido da súa solicitude.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación.

Avaliadas as solicitudes, os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

Presidente: O Alcalde do Concello de Covelo

Vogal: Funcionaria/o traballadora/o municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretaria/o.

Vogal: A Concelleira de Cultura, Turismo e Emprego.

Vogal: A Secretaria-Interventora Municipal.

Vogal: Concelleira/o do bloque municipal BNG.

Vogal: Concelleiro do bloque municipal PSdeG-PSOE.

Todas e cada unha das persoas que forman esta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada unha delas.

A Comisión de valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que reuniran os requisitos establecidos.

A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, e as denegadas co seu motivo.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

## Artigo 7. Forma de pago

Coa resolución de concesión, aboarase anticipadamente o 100% do importe concedido, liberando aos beneficiarios do establecemento de garantías. De acordo co disposto na base 55 das Bases de Execución do Orzamento, e dado que a concesión destas subvencións a favor das persoas determinadas nestas bases faise en consideración á grave crise económica provocada pola pandemia da Covid-19, asegurando que se respecta a legalidade en materia de subvencións e que coa firma do anexo declaración responsable se cumpre coa existencia de sinatura de compromiso de presentar xustificantes da subvención, o abono da subvención farase en concepto de pago anticipado ou abonos a conta. O prazo de xustificación rematará a mais tardar o 31/01/2022.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

**Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios**

Sen prexuízo do disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 Novembro, as subvencións xerais, son obrigacións dos beneficiarios:

- Cumprir todos os requisitos establecidos nestas bases.
- O mantemento da actividade económica e das persoas contratadas, de ser o caso, no momento do peche, durante os catro meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención.
- Non presentar mais dunha solicitude se se trata de persoa física que non forma parte da sociedade que solicita axuda nesta convocatoria.
- Declarar a obtención doutras axudas e que a suma delas non supera os gastos e que non supera a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.
- Comunicar inmediatamente as modificacións.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención durante 6 anos (artigo 30 do Código de Comercio).
- Consentir o tratamento dos datos e a súa publicación.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e a finalidade subvencionada.
- Dar publicidade do financiamento da Deputación.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poderá facer o Concello ou outros órganos de control competentes.
- Subministrar a información e a documentación que lle solicite o Concello.
- Someterse ao control financeiro polo Concello ou a Deputación.

Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. En caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

### **Artigo 9. Xustificación das axudas**

Antes do 31/01/2022, as persoas beneficiarias da subvención terán que presentar por rexistro, copia e orixinal que será devolto posteriormente á súa comprobación, da seguinte documentación:

a) Informe actualizado sobre a vida laboral do solicitante emitido pola Seguridade Social onde quede acreditado que o negocio estaba dado de alta na data en que se concedeu a subvención e que estivo mantendo a súa actividade durante os catro meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención.

b) No seu caso, acreditación do número de traballadores da empresa e que os mesmos continúan contratados durante os catro meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención. Para isto achegará a relación nominal de traballadores e unha relación liquidación de cotizacións do mes correspondente ou no seu caso TC1.

### **Artigo 10. Compatibilidade con outras subvencións**

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderá superar a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus, nin superar o custo total das subvencións recibidas a tal efecto.

### **Artigo 11. Reintegro da subvención**

O reembolso total ou parcial da subvención será acordado polo órgano outorgante da mesma, respondendo sempre ao principio de proporcionalidade, e atendendo ás seguintes circunstancias:

a) Non mantemento da actividade e número de persoas contratadas na súa actividade durante os catro meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención

b) Incumprimento da obriga de xustificar.

c) Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro.

d) Falsidade nos datos facilitados para acollerse á solicitude de axuda.

### **Artigo 12. Comprobación e control financeiro**

As actuacións subvencionadas poden estar suxeitas a verificación e control financeiro en calquera fase da súa execución por parte do Concello ou da Deputación de Pontevedra. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar o acceso ao lugar da acción e aportar canta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

O control financeiro terá como obxectivo verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

### **Artigo 13. Responsabilidade e réxime sancionador**

En todo caso, estarse ao disposto con carácter xeral no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Artigo 14. Protección de datos**

Responsable:

Identidade: Concello de Covelo [P3601300A]

Dirección Postal: Praza Mestre Cerviño, 2. CP: 36872. Covelo, Pontevedra.

Teléfono: 986 650 027

Correo Electrónico: rexistro.covelo@fegamp.gal

Finalidade: Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os expedientes administrativos e levar a cabo as actuacións derivadas deles.

### **Por canto tempo conservaremos os seus datos?**

Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigas legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

### **Cal é a lexislación para o tratamento dos seus datos persoais?**

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión que é realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade coa Lei 3/2018, de 5 de decembro, de “Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales”.

### **A que destinatarios comunicaranse os seus datos?**

Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir cos fins enumerados anteriormente, sempre que exista normativa legal que o ampare. Ademais, a Entidade ten contratada a ferramenta XESTIONA coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL S.A. que é o encargado do tratamento dos datos segundo o contrato de encargo asinado entre as partes.





Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

## Disposición Final Única

Nos asuntos non previstos nestas bases rexerá o disposto nas bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e servizos, (PLAN CONCELLOS) 2021, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, así como o disposto na Base 55 das Bases de Execución do Orzamento para 2021.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

**ANEXO I. FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA  
MICROEMPRESAS DO MUNICIPIO DE COVELO AFECTADAS POLA CRISE  
DA COVID-19**

**SOLICITANTE:**

Nome e apelidos ou razón social do solicitante:

DNI/NIE/CIF:

Domicilio:

Correo electrónico:

Teléfono Mobil:

**REPRESENTANTE (no seu caso):**

Nome e apelidos ou razón social do solicitante:

DNI/NIE/CIF:

Domicilio:

Correo electrónico:

Teléfono Móbil:

**DATOS DA ACTIVIDADE ECONOMICA EXERCIDA:**

Domicilio da actividade:

Descrición da actividade:

**EXPÓN:**

1. Que a persoa física ou xurídica exerce unha actividade económica no municipio de Covelo,

Que cesou a súa actividade durante o estado de alarma por mor da COVID-19

ou ben,

Que mantivo a actividade esencial e sufriu unha minoración de facturación como mínimo dun 75% con relación o exercicio 2019.

3. Que a persoa ou entidade solicitante ten menos de dez traballadores e a súa facturación foi inferior a un millón de euros.

4. Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como no pago das obrigas por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

5. Que se compromete ao cumprimento das obrigas que como beneficiario da subvención establecen as bases reguladoras, en particular ao sometemento ás actuacións de control financeiro que poida acordar o Concello.

**SOLICITA** a concesión da subvención prevista nas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por XGL do Concello de Covelo de 09/07/2021.

#### **DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Anexos debidamente cumprimentados e asinados.
- Certificación actualizada da situación censal expedida pola Axencia Estatal Tributaria posterior a 31/12/2020 indicando actividade económica e domicilio fiscal.
- Documento RCL( Relación liquidación cotización) do 2019 ou, no seu caso TC1 do mesmo período.
- Copia modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria, ou certificación desta, co resumo anual de facturación IVE exercicio 2019.
- Certificado titularidade conta corrente para o ingreso da subvención.
- Copia poder representación interesado no caso de que se presente a través de representante.

( ) PRESTO o meu consentimento ( ) NON PRESTO o meu consentimento

A que os meus datos persoais achegados nesta denuncia, así coma os contidos na documentación que acompaña á mesma, sexan tratados polo Concello.

**Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021  
Sinatura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:MLYM35C0ZUDWQG0D



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

**ANEXO II. FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA  
TRABALLADORES AUTÓNOMOS DO MUNICIPIO DE COVELO  
AFECTADOS POLA CRISE DA COVID-19**

**SOLICITANTE:**

Nome e apelidos ou razón social do solicitante:

DNI/NIE/CIF:

Domicilio:

Correo electrónico:

Teléfono Mobil:

**REPRESENTANTE (no seu caso):**

Nome e apelidos ou razón social do solicitante:

DNI/NIE/CIF:

Domicilio:

Correo electrónico:

Teléfono Móbil:

**DATOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA EXERCIDA:**

Domicilio da actividade:

Descrición da actividade:

**EXPÓN:**

1. Que a persoa física ou xurídica exerce unha actividade económica no municipio de Covelo,

Que cesou a súa actividade durante o estado de alarma por mor da COVID-19

ou ben,

Que mantivo a actividade esencial e sufriu unha minoración de facturación como mínimo dun 75% con relación o exercicio 2019.

3. Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como no pago das obrigas por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

4. Que se compromete ao cumprimento das obrigas que como beneficiario da subvención establecen as bases reguladoras, en particular ao sometemento ás actuacións



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

de control financeiro que poida acordar o Concello.

**SOLICITA** a concesión da subvención prevista nas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por XGL do Concello de Covelo de 09/07/2021.

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- Anexos debidamente cumprimentados e asinados.
- Certificación actualizada da situación censal expedida pola Axencia Estatal Tributaria posterior a 31/12/2020 indicando actividade económica e domicilio fiscal.
- Copia modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria , ou certificación desta, co resumo anual de facturación IVE exercicio 2019.
- Certificado titularidade conta corrente para o ingreso da subvención.
- Copia poder representación interesado no caso de que se presente a través de representante.

( ) PRESTO o meu consentimento ( ) NON PRESTO o meu consentimento

A que os meus datos persoais achegados nesta denuncia, así coma os contidos na documentación que acompaña á mesma, sexan tratados polo Concello.

**Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021  
Sinatura



Luns, 16 de agosto de 2021

Núm. 156

### ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Covelo participar na convocatoria de AXUDAS ECONÓMICAS AS MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS DO CONCELLO DE COVELO AFECTADOS POLA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA POLA COVID-19

#### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- a) Que non teño pendente a xustificación ningunha subvención recibida do Concello de Covelo.
- b) Que nin a persoa física solicitante nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, se atopan en ningún dos supostos de exclusión para a obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
- c) Que a persoa física ou xurídica solicitante atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.
- d) Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello de Covelo.
- e) Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos términos do artigo 21 do citado Regulamento.
- f) Que a actividade que realizo viuse afectada por Covid -19.
- g) Que me comprometo ao mantemento da actividade económica e das persoas contratadas durante os 4 meses seguintes contados a partir do día seguinte a data de concesión da subvención.

En , .....de.....de 2021  
(sinatura do solicitante)

As presentes BASES e os seus anexos, foron aprobados pola XGL, na súa sesión extraordinaria de 09/07/2021.

Covelo, na data que figura á marxe  
A Secretaria-Interventora

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:MLYM35C0ZUDWQG0D

